



## “Outono na Ribeira Sacra”

31 de outubro, 1 e 2 de novembro de 2014

### PROGRAMA

#### Sexta feira/venres 31.

- 17h. **Saída**  
O punto de encontro será a saída da autovía 294, Pontearreas.
- 19h. **Hospedaxe**  
Albergue A Fábrica da Luz (A Teixeira)

#### Sábado 1

- 9,30h **Parada de Sil**  
**Sendeirismo. Ruta “ O Canón do Sil”.** 11Km, *dificultade moderada*

Unha das rutas máis vitais e vistosas da Ribeira Sacra. Ecosistemas boscosos variados onde son abundosas as reboleiras. Os castiñeiros afástanse dos soutos. Non desaparece o carballo atlántico e son comúns o pradairo, a sobreira e o érbedo. A orientación é norte mais aparecen os socalcos de mención e godello con acolledoras casas de cachotaría salferidas nas encostas. E co viñado e o souto, o mosteiro, xuntos, da man, desde a Idade media...

- 14,30h. **Descanso**

- 17h. **A Teixeira**  
**Visita “A Adega Vella. A empresa familiar”.**

Situada nunha fermosa casa que data do S. XII, a Adega Vella aséntanse nas encostas do río Sil, con orientación sur. O traballo desenvólvese en 6 hectáreas de viñedos, algúns propios e outros, alugados, coas variedades mención, brancellao, merenzao en tintos e godello, treixadura, albariño e loureira en brancos. A produción é limitada. O recoñecemento, a través de premios e participación en diferentes concursos, chégalles logo dun bo traballo de anos.

- 19h. **Sober**  
**Visita “As derradeiras oleiras de Gundivós. A cerámica negra”**

No Centro Oleiro de Gundivós, unha construción do S. XVI, as oleiras de Gundivós, elaborarán unha peza co torno baixo desta singular olaría negra en territorio atlántico, unha das máis antigas da Península Ibérica. As pezas realizadas tiñan uso nas cociñas, nas adegas, na época da matanza. Mais esa cor negra...

- 20,30h **Descanso**



## Domingo 2

10h. **Montederramo**

**Sendeirismo. Ruta “O Bidueiral de Montederramo”. 10 Km, dificultade baixa**

Sen dúbida, un dos bosques máis estimados, hipnóticos, íntimos e sobranceiros de Galiza. Noutroora, encrucillada de camiños e testemuña no S.XIX dos crimes de Romasanta “O Lobishome”, ao atravesarmos as imaxes e as sensacións acumúlanse decontado. É unha das máis fermosas fragas galegas, na que acivros e cancreixos e as comunidades de brións, liques e arandeiras, acompañan a vellos e novos bidueiros configurando un dos mellores exemplos da vexetación eurosiberiana máis meridional do noroeste ibérico.

15h **Descanso**

16h **Montederramo**

**Visita “ O Mosteiro de Montederramo. O Císter”**

Datado no S.XII, viviu o seu máximo apoxeo até o S.XV e, entre os seus principios salientaba a recuperación do ideal de austeridade e meditación que perdera a igrexa. No S.XVI estableceuse nel o Colexio das Artes e Filosofía, que aumentou a súa sona. O seu interior, de gran beleza, presenta 2 claustros considerábeis e un fermoso coro. Considerado o segundo mosteiro do Císter, posuía un gran poder económico, cultural e social en toda a comarca. Logo, coa desamortización sofre abandono do que foi rescatado nos últimos decenios.

17,30h **Volta a casa**

### Sobre o aloxamento

O albergue A Fábrica da Luz, situado en Barxacova (A Teixeira), foi unha das primeiras infraestruturas hidroeléctricas construídas en Galiza. Nela, recibíase a partir do 1916 a auga procedente do río Mao para subministrar electricidade á comarca, a Monforte e Ourense. Hoxe, este Patrimonio Industrial, rehabilitado pola arquitecta paisaxística Isabel Aguirre, oferta servizos encamiñados ao coñecemento cultural e ambiental da comarca. Esta nova instalación, espazosa e confortábel, presenta 2 grandes habitacións con liteiras.

### Sobre a reserva

O albergue resérvanos as prazas tras o ingreso dunha porcentaxe da hospedaxe. Daquela, quen decida anotarse á Visita “Outono na Ribeira Sacra” debe ingresar, despois da inscrición (e confirmación desta por Faia), a cantidade de 25€ por persoa que se restarán da cantidade global estipulada no programa.

No ingreso debes indicar o voso nome e o concepto “Viaxe á Ribeira Sacra”.

O número de conta bancaria é ES72 2080 0524 8130 0002 7868 correspondente á libreta de Marcelo Rodríguez Acosta en Novagalicia banco.